



Encrucillados



O alumnado de 6º curso elaborou os seguintes encrucillados sobre a vida e obra de Manuel María. Son uns encrucillados temáticos, por dicilo dalgún xeito. Un fai referencia a paxaros, outro a plantas e un terceiro a mamíferos aos que o autor lle dedica poemas.

Tamén hai dous que fan referencia á vida de Manuel María: un de topónimos e outro de antropónimos.

As definicións foron collidas da RAG.



OS PAXAROS



Completa co nome de distintos paxaros aos que Manuel María dedica poemas.



1.- Ave da familia das cucúlidas, de cor cincenta nas partes superiores eo pescozo e alermeazada con bandas grises nas inferiores, coa cola máis escura, que se caracteriza polo seu canto.

2.- Ave da familia dos córvidos do que existen varias especies, coa plumaxe maiormente negra, que vive normalmente agrupado en bandadas e é considerado de mal agoiro.



3.- Paxaro da orde dos passeriformes, máis común, de pequeno tamaño, con plumas pendas variadas de escuro e peteiro curto e curvo, que se alimenta de grans, sementes, insectos etc., e do que existen varias especies.

4.- Paxaro da orde dos passeriformes de pequeno tamaño, cor pendes ralo curto e ás arredondadas.

5.- Paxaro da familia das hirundíneas, coa parte superior de cor negra azulada, a inferior branca e a testa e a gorxa vermellas, ás rematadas en punta e cola gallada.

6.- Ave da familia das coraciídeos, de cor acastañada cunha mancha branca e branca na gorxa a xeito de collar no macho, e de cor máis apagada con penas escuras no peito esen collar na femia.

7.- Paxaro da orde dos passeriformes do que existen distintas especies, coa cabeza e partes inferiores amarelas ou pardas e partes superiores castañas con riscos escuras.




1 →									
2 →									
3 →									
4 →									
5 →									
6 →									
7 →									



OS MAMÍFEROS

Completa o seguinte encrucillado, referido a mamíferos aos que Manuel Mará dedica poemas no seu libro "Os soños na gaiola"



1- Cría da ovella.

2- Mamífero da familia dos équidos parecido ao cabalo, pero máis pequeno e coas orellas máis grandes, que se domestica facilmente e se utiliza desde antigo como animal de carga ou de tiro.

3- Mamífero da suborde dos ruminantes, femia do touro, que se cría para aproveitarlle o leite, a carne e a pel.

4- Mamífero carnívoro da familia dos felidos, doméstico, de cabeza pequena e arredondada, ollos brillantes que se adaptan á visión nocturna, patas curtas con fortes uñas retráctiles, pelo mesto e suave, rabo longo do que xa existen moitas razas.



5- Mamífero carnívoro salvaxe da familia dos cánidos, de cor parda agrisada, orellas curtas e ergueitas e rabo longo e peludo.

6- Mamífero salvaxe da familia dos lepóridos semellante ao coello, coas patas de atrás máis longas e máis fortes ca as de diante, que se caracteriza pola súa velocidade ao correr e do que existen varias especies.



TOPÓNIMOS

Completa con nomes propios topónimos referidos á biografía de Manuel María.



- 1- Lugar onde naceu Manuel María, ... de Rei.
- 2- Lugar onde comezou os seus primeiros estudos.
- 3- Cidade na que estudou o bacharelato.
- 4- Alí traballou de procurador.
- 5- Fixo o servizo militar (mili) nesa cidade.
- 6- Gañou os Xogos Florais desta cidade no ano 1954.



ANTROPÓNIMOS

Completa con nomes propios antropónimos referidos a biografía de Manuel María



1-▶									
2-▶									
3-▶									
4-▶									
5-▶									
6-▶									
7-▶									



1- Primeiro apelido da súa muller.

2- Apelido do escritor integrante da tertulia do café

Méndez Núñez, a quen se lle adicou o Día das Letras Galegas no ano 1997.

3- Segundo nome do autor a quen lle dedican este ano 2016 as Letras Galegas.

4- Nome da muller coa que casou?

5- Nome da nai de Manuel María.


6- Segundo apelido de Manuel María

7- Autor co que estableceu amizade moi nova, e a quen lle dedicaron o día das letras Galegas no ano 2010



AS PLANTAS

Completa co nome de distintas plantas, e dunha flor, ás que Manuel María dedica poemas.



1→ Arbusto espinento da familia das leguminosas, de follas alternas cando é novo, que logo son substituídas por espiñas verdes, e flores amarelas.

2→ Flor da roseira, de cor branca, rosa, amarela ou vermella, e de recendo moi agradable.

3→ Arbusto da familia das cistáceas do que existen distintas especies de ata un metro de altura, follas ovadas e flores con pétalos de cor branca con base amarela ou alaranxada.

4→ Planta da familia das gramíneas moi semellante ao trigo, coas espigas máis longas e delgadas.

5→ Planta comestible da familia das crucíferas, de raíz grosa e carnosa de cor abrancazada, da que se aproveitan, ademais da raíz, as nabizas e os grelos.

6→ Planta da familia das gramíneas, da cal existen numerosas especies, con espigas de catro ou máis ringleiras de grans, dos que se extrae a farinha máis utilizada na elaboración do pan.

7→ Planta anual da familia das solanáceas orixinaria de América, de follas imparipinnadas, flores brancas ou abrancazadas en forma de estrela e froito en baga, verde e de pequeno tamaño, que se cultiva polos seus tubérculos comestibles.

8→ Planta da familia das gramíneas orixinaria de América, que pode chegar aos catro metros de altura, follas longas e lanceoladas e flores masculinas e femininas no mesmo pé, que produce unhas mazorcas de grans grosos de cor amarela,

